



Xabier Iraola Agirrezabala
Euskal Nekazarien Batasuna (ENBA), Guipúscoa

► TRAS ESCOITAR A PRESIDENTA DA CE, URSULA VON DER LEYEN, PRESENTANDO AS LIÑAS XERAIS DO MARCO FINANCEIRO PLURIANUAL, SOUBEMOS QUE TODO O DITO UN ANO ANTES ERA UN FINXIMENTO, PURO TEATRO, PARA SAÍR VIVA DA PRESIÓN DOS TRACTORES

Hai un ano, as tractoradas dos produtores europeos asaltaron prazas e estradas do vello continente, evidenciando un cabreo xeneralizado ante unha Unión Europea que, paso a paso, vai dando mostras dun crecente desinterese polo seu sector primario, por unha desagrarización das súas políticas e por unha asfixiante burocratización do sector produtor que, cada vez máis, se ve abocado a encher infinidade de papeis, aínda que iso sexa a conta de deixar de producir.

As protestas do ano pasado fixeron reaccionar a case todos os gobernos e autoridades do continente europeo e a Comisión Europea, coa xermana Ursula Von der Leyen á fronte, soubo tomar o pulso ao momento, ler correctamente a situación sociopolítica e anunciou unha serie

A traizón de Úrsula

de cambios para fortalecer a PAC, retardar a ambición ambiental da política agraria e, ao tempo, simplificar a enleada normativa adoptando unha serie de medidas para reducir a burocracia.

Pois ben, un ano despois, máis concretamente o pasado 16 de xullo, soubemos, tras escoitar a presidenta da Comisión Europea, Ursula Von der Leyen, presentando as liñas xerais do Marco Financeiro Plurianual (MFP), que todo o devandito un ano antes era un finximento, puro teatro, para saír viva da presión dos tractores.

Como dicía, o 16 de xullo foi o día elixido por Von der Leyen para dar a coñecer as liñas mestras do MFP para o período 2028-2034 onde, entre outras moitas políticas, está integrada toda a política agraria que, coma un simple terrón de azucre, se vai diluíndo nunhas augas fondas e turbias.

Non é cuestión de entrar a detallar o documento presentado, pero si de apuntar cinco claves que os produtores deben ter ben claras.

Primeira: o que Von der Leyen amosou é un documento inicial que será a base dun longuíssimo, durísimo e complexísimo proceso de negociación, dentro da propia UE, cos gobernos estatais e co conxunto do sector primario, que durará ata finais do ano 2027 e, daquela, é probable que o documento que agora coñecemos apenas teña nada que ver co resultado final. Por iso, sexamos cautos na valoración.

Segunda: a crúa realidade xeopolítica mundial, cunha globalización regulada que languidece pola loita entre os dous grandes bloques, EE. UU. e China, fai que a Unión Europea, antes de perder corda na escena mundial, tomase nota de que a competitividade industrial, a carreira dixital, a defensa e a política migratoria, entre outras cuestións, deben formar parte das súas prioridades e, en consecuencia, deben contar coa súa correspondente partida orzamentaria.

Terceira: a consecuencia do punto segundo, a agricultura e a alimentación perden peso no cartafol de prioridades europeas e, por tanto, tamén o seu peso orzamentario mingua segundo o documento presentado, aproximadamente nun 20 %, aínda que existen agoiros bastante máis catastróficos dependendo de se temos en conta ou non a inflación do período 2028-2034.

Cuarta: a PAC, cun orzamento menor, contará cunha gobernanza diferente. Ao parecer, haberá máis subsidiariedade, con maior protagonismo dos países, eliminarase a actual arquitectura da PAC estruturada en dous alicerces, dado que o seu orzamento global quedará diluído nos plans nacionais que, popularmente, foron nomeados como “paquete país”, onde se asignará un orzamento global para cada Estado membro co fin de atender as políticas que lle sexan prioritarias. Todo apunta a que a subsidiariedade non alcanzará as rexións, cuestión nada baladí nun Estado autonómico coma o español.

Quinta: as axudas directas simplifícanse (eliminan a axuda redistributiva, os ecorreximes etc.), serán decrecentes para favorecer as explotacións menores e focalizaranse, é dicir, priorizarán a concentración das axudas nas explotacións máis vulnerables ben por dimensión ben pola súa localización e/ou contribución ambiental.

En definitiva, haberá menor orzamento agrario e maior dependencia da vontade dos mandatarios estatais que, do mesmo xeito que ocorre no conxunto da UE, teñen, cada vez máis, outras prioridades alleas ao campo.

Ursula Von der Leyen traizoou a súa palabra de hai un ano e o loado comisario, Christophe Hansen, traizoou as expectativas depositadas nel polo conxunto do sector produtor.

Por agora, ambos os dous nos traizoaron. ■



GALON ALH IBIZIANA ET



Galon



VACAS LONGEVAS, SANAS Y FÉRTILES, DE MUCHA PRODUCCIÓN

- +de 800 hijas
- Alta fertilidad
- +de 2.000 kg de leche
- Disponible en sexado
- EXTRAORDINARIOS CARACTERES DE SALUD



¡NOVEDAD! MEGAWATT

Disponible en semen sexado macho



ESCOLMO, S.L.

Distribuidor para Galicia y Asturias
Rua Magnolia, 80, bajo
27003 LUGO
Tfno. (+34) 982 217 633
Fax (+34) 982 213 144
e-mail: escolmo@gmail.com



aberekin

Alta Fertilidad
Genética de Confianza

www.aberekin.com





PRECIOS SIN COMPETENCIA Y FINANCIACIÓN ESPECIAL EN PRECAMPAÑA



LEMKEN

RODILLOS LLORENTE *Altísima fiabilidad y máxima adaptación al terreno*



RODILLO MODELO RTA DE 3 CUERPOS

Tubo de 711mmx14mm en 7m e 8m y peso 5500kg - Vendido a: **PABLO ONEGA CASTRO** (Pastoriza) | **SERV. AGRICOLAS RENDA** (Cospeito) | **SAT A REVOLTA** (Villalba) | **O CHUCO S.C.** (A baña) | **GANADERÍA LA LLERA S.C.** (Salas) • Tubo de 820mmx18mm en 8m y peso 6500kg - Vendido a: **FINCA BERMUI S.C.** (Mesia) | **AGROBARREAL** (Sarria) | **SERVIAGRO MERCURIN** (Ordes)

RODILLO MODELO DAKOTA DE 2 CUERPOS

Tubo 660mmx12mm en 5 m y peso 2850 kg - Vendido a: **MIGUEL HUERTA RODIL** (Castroverde) | **GANADERIA LAS LLAMAS** (Tineo)

RODILLO LINEAL

Tubo de 711mm x14mm en 3.5m y 4.5 m y peso 2200kg - Vendido a: **OSCAR FRANCO FERNANDEZ** (Salas) | **CASA JULIAN DE CABARCOS** (Barreiros)

RODILLO MECANICO CON RUEDAS

Tubo de 813mm x18mm en 2.7m y peso 1500kg - Vendido a: **GANADERIA VENTURA** (Coaña) | **GANADERIA SAN MARTIN DE COUCIEIRO S.L.** (Val do Dubra)

RODILLO MODELO XTRA-LONG DE 3 CUERPOS

Tubo de 820mmx18 mm en 9 m y peso 7500 kg - Vendido a: **SAT AS PANDAS** (Villalba) | **XAN NOVO VILELA** (Outeiro de rei) | **BLANCO SANFOGA S.L.** (Mazaricos) | **GRANXAMOR INTEGRACION S.C.G.** (Trazo) | **ALBERTO GONZÁLEZ CHENTO** (Bama-Touro) • Tubo de 820mmx18mm en 10 m y peso 8200kg - Vendido a: **SAT BUSTO CORZON** (Mazaricos)

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L.

Polígono Industrial O Morelle, nave 4, 27614 Sarria (Lugo)

E-mail: corbar@corbarsll.com Telf. y Fax: 982 53 14 63 www.corbarsll.com



INNOVACIÓN, COMPROMISO Y GARANTÍA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

CORBAR
MAQUINARIA

**PRECIOS ESPECIALES
PARA PROFESIONALES**

CUALQUIER TIPO DE **RECAMBIO** AGRÍCOLA

BATERÍAS CON **3 AÑOS** DE GARANTÍA

DISPONEMOS DE TODO TIPO DE
PIEZAS DE DESGASTE DE ARADOS,
GRADAS Y CULTIVADORES

BASTIDOR DE PURÍN
ESPECIAL PARA POZOS DE ARENA

**EXTENDEDOR SILO
CILINDRICO VIMIANZO**

**NIVELADORA
AGRÍCOLA**
DE 3 PUNTOS

**GRADILLAS DE
CAMAS DE PÚAS**

**RODILLO COMPACTADOR
DE SILO**

CUCHILLA DE MAÍZ
4.50 m CON LATERALES ABATIBLES

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS
ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 1.7 m³ Y 2.1 m³

VEN A VISITARNOS

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L.

Polígono Industrial
O Morelle, nave 4
27614 Sarria, Lugo

E-mail: corbar@corbarsll.com
Telf. y Fax: 982 53 14 63
www.corbarsll.com

MECÁNICAS
mS
Segalés

